

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O HOSPITAL DA BARBANZA CELEBRA O SEU 25 ANIVERSARIO XUNTANDO A PROFESIONAIS VINCULADOS AO CENTRO DENDE O SEU COMEZO

- *O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, felicitou aos asistentes e lembrou os fitos importantes da sanidade para os veciños da comarca*
- *A xerente da área sanitaria, Eloína Núñez, destacou o labor do persoal do centro como o maior éxito, un equipo "dedicado e implicado"*
- *O director do Distrito, Salvador Mariño-Ageitos, mostrouse orgulloso da familia que forma o persoal e animounos a "seguir remando para seguir mellorando"*

**Ribeira, 4 de novembro de 2022.-** O Hospital Público da Barbanza celebra hoxe o 25 aniversario da súa apertura. Para elo xuntou a directivos e profesionais vinculados ao centro dende o seu comezo, así como aos alcaldes dos catro concellos do distrito (A Pobra, Ribeira, Porto do Son e Boiro) nun acto que tivo lugar esta mañá no salón de actos do centro.

O director do distrito da Barbanza, Salvador Mariño-Ageitos foi o encargado de presentar a xornada na que se mostrou orgulloso da familia que forma o persoal e animounos a "seguir remando para seguir mellorando".

Tras el, a xerente Eloína Núñez procedeu a apertura do acto, momento no que destacou o papel deste hospital que naceu como "servizo imprescindible para mellorar a asistencia sanitaria aos veciños dos catro concellos" Tamén falou dos cambios que se viviron dende os seus comezos e como agora este centro pode chegar a realizar 850 asistencias ao día.

Salientou que "o valor deste hospital sodes vós, os profesionais que formades parte de el. Orgullosos do seu centro, persoas dedicadas e implicadas".

Logo da celebración de dúas mesas sobre "lembranzas de hospital" e "25 anos de camiño andado" na que participaron profesionais e ex directivos do centro, clausurou o acto o conselleiro de Sanidade.

Pola súa banda, o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, comezou a súa intervención agradecendo a asistencia para pasar a destacar o papel crucial "que xogan os hospitais comarcais en Galicia, que aproximan os servizos hospitalarios ao cidadán cunha calidade equiparable a de calquera outro hospital de referencia".

O conselleiro tamén recordou os fitos máis importantes do centro tales como as obras de ampliación das urxencias "converténda na que posiblemente sexa unha das urxencias mellor planificadas e estruturadas de Galicia", as melloras no laboratorio, a ampliación das consultas externas... Asemade, destacou "a nova lei de provisión de prazas sanitarias como chave para garantir o futuro dos hospitais comarcais".

## Saúdos,